

O MINISTERIO QUERE MANTER A DISCRECIONALIDADE

Hoxe reuniuse o Grupo de Traballo de produtividade para os servizos periféricos. O Ministerio enviou un borrador con algúns cambios sobre os criterios xa existentes

As principais modificacións que contén o borrador son:

- a parte variable do complemento estableceríase mediante porcentaxes.
- como data de abono sería novembro se este se fai anual e xuño e novembro no caso de facelo semestralmente.
- As contías máxima e mínima estableceríanse neste grupo de traballo

Finalmente, acordouse que a Administración vai revisar o borrador para ver como fixar os componentes 1 e 2 (parte fixa que percibe todo o persoal y parte variable que decide a secretaria ou secretario xeral) e mandarán un novo borrador.

Postura da CIG

Non estamos de acordo coa proposta do Ministerio polos seguintes motivos:

1. Debería elaborarse un modelo de produtividade común para todo o persoal do Ministerio.
2. O borrador que presentan non establece uns criterios obxectivos para asignar o complemento de produtividade. Pedimos que os criterios de reparto non sexan discrecionais. Non é razoable que unha persoa decida se o noso grao de implicación no traballo é maior ou menor que o do compañeiro sen un instrumento medible como pode ser o cumprimento duns obxectivos previamente marcados polo Ministerio.
3. Dos cartos que hai para a produtividade só unha parte a vai percibir todo o persoal (a metade do crédito) porque a outra metade a van percibir aquelas persoas que elixa a secretaria ou secretario xeral e no importe que ela decida dentro dos topes mínimos e máximos (tal e como se ven facendo agora). A CIG non comparte este sistema.
4. Non compartimos que dentro de Ministerio existan diferentes criterios de reparto de produtividade segundo se traballe nos servizos centrais ou periféricos, sexamos ou non condutores ou esteamos destinados en estranxeiría ou noutra unidade.